


# RETALLOS

XORNAL DO C.E.I.P. "A SOLAINA"

Nº 15- 2022





CEIP A SOLAINA



VANESA



INÉS



CHARO



MARCOS



MERCHI



DANI



MAGDALENA



MARTINA



ALBA



EMMA



ELIA



DieGO



MAI



VALERIA



VALERIA



SAMUEL



SOFÍA



DANIÉLA



MANUEL



NICOLE



VERA



LEO



GAEŁ



CLAUDIA



BREIXO



LUCÍA



LEO



MARTÍN



JOEL




MAURO



LIA



GABRIELA



60 INFANTIL A  
2019-2022





Letras Galegas 2022.....	<i>páxina 2</i>
Profesorado 2021 – 2022 .....	<i>páxina 3</i>
IX CONCURSO DE DEBUXO ESTARRECEDOR “PASÁMOLO BEN” .....	<i>páxina 4</i>
XII CONCURSO DE CONTOS DE MEDO “PASÁMOLO BEN” .....	<i>páxina 6</i>
<i>Colaboracións</i>	
4º EI .....	<i>páxina 14</i>
5º EI .....	<i>páxina 18</i>
6º EI .....	<i>páxina 24</i>
1º EP.....	<i>páxina 27</i>
Conto colaborativo .....	<i>páxina 30</i>
2º EP .....	<i>páxina 32</i>
3º EP .....	<i>páxina 35</i>
4º EP.....	<i>páxina 39</i>
5º EP .....	<i>páxina 43</i>
6º EP .....	<i>páxina 48</i>



**Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega**

**Edita CEIP A SOLAINA  
Equipo de Dinamización da Lingua Galega  
Narón, xuño de 2022**



**Foto antiga do colexio**

## Letras galegas 2022

Este ano 2022 adicouse o día das letras galegas a Florencio Delgado Gurriarán, poeta, activista cultural e editor. Un gran loitador polo noso idioma e tamén pola democracia. Tivo que exiliarse de Galiza a raíz do golpe de estado do 1936. A pesar diso seguiu escribindo no seu idioma, e non pasou nin un día sen recordar a súa patria.

LONGA VIDA AO GALEGO!

### **Volta**

*Nunha ridente alborada  
Vai o tren, cara o meu lar,  
Tanxendo unha pandeirada  
Coa ledicia de voltar.*










**IX CONCURSO DE DEBUXO ESTARRECEDOR “PASÁMOLO BEN “**

**CATEGORÍA EDUCACIÓN INFANTIL**



**1º premio**  
**“O Baile”**  
**Autores:**  
ALUMNADO DE  
3 ANOS B




**Accésit**  
**“Os**  
**Vampibruxos”**  
**Autores:** ADRI,  
MATÍAS, DANIELA  
MOSQUERA,  
AVRIL,  
ALEJANDRO, DA  
CLASE DE  
4 ANOS B




CATEGORÍA 1º E 2º EDUCACIÓN PRIMARIA

1º premio  
"A Senda  
Das  
Ánimas"  
Autora:  
ALBA REY  
SIERRA  
1º B



Accésit  
"Raio"  
Autor:  
ROI PENABAD DEIVE  
1º A



## XII Concurso de Contos de Medo “Pasámolo ben”

CATEGORÍA DE 3º E 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

**1º PREMIO**

### BIRTI E O DEMO DAS CABAZAS

Esta arrepiante historia comeza na véspera de Samaín. A casa da familia Black é un bulir de preparativos: apetitosos doces que regalar aos nenos, misteriosos adornos en cada recuncho... Aquela era unha data destacada para todos os habitantes da vila pero para os Black, familia de meigas e feiticeiros dende o comezo dos tempos, era a noite máis importante do ano.

Todos andaban concentrados na súa misión. Todos? E Birti? Onde anda este demo de nena?

- Birti!!! A almorzar!!!

A nosa pequena meiga protagonista puxéronnelle os pelos de punta, lanzou o seu libro de maxia polo aire e púxose de pé dun brinco.

- Xa vou, mamá – contestou, e baixou ao gran salón onde agardaba o resto da familia.

Algo chamou a súa atención no xardín. Que eran aquelas pequenas cousas brillantes? Atraída polas misteriosas luces. Birti saíu ao xardín.

- Caveiras!!! Son pequenas e brillantes caveiras!!!

Birti, intrigada, non se daba conta de que se estaba adentrando no BOSQUE DAS CABAZAS. A luz da última caveira iluminaba o pé dunha tenebrosa árbore de pólas vermellas.

- Seica está chovendo? - Preguntouse Birti secando do seu nariz a pinga que lle caera da árbore.

- Sangue!!! A árbore está pingando sangue!!!

Incrustado no tronco viu un estraño libro. A curiosidade de Birti fíxolle abrílo.

- Aaaahhh! - un demo saíu voando do seu interior e Birti caeu de cu.

- Son libre!!! O reinado dos demos está de volta!!!

O corazón de Birti latexaba tan forte que apenas o puido escoitar. Que acababa de pasar?

- Oh oh... volveu o demo – dixo unha voz tras dela.

- E ti quen es? - Preguntou Birti.

- Son Liv e esta Lil. Somos as pantasma do bosque. Liberaches o demo das cabazas e tes que ir tras el.



- Pero... como? Non sei onde atopalo.

As follas do libro comezaron a brillar iluminando un mapa con esta inscrición:

***Se o demo das cabazas queres atrapar as pedras sagradas terás que atopar***

- Eu coñezo esa pedra! - Dixo Liv.

- Si Liv, agóchase no... Amazonas! -contestou Lil.

- Xenial! Queridas pantasma, preparadas para viaxar? Imos alá!

E voando na súa vasoira máxica puxo rumbo ao sur. Abríronse paso entre as lianas, árbores e flores xigantes ata chegar a un claro ao pé do río. Brillando na ribeira atopou unha preciosa amazonita, pero cando Briti a recolleu... un montón de pequenos monstros formaron un remuíño no aire ao seu redor. Birti pechou os ollos e conxurou un campo de forza que a protexía facendo desaparecer as feas criaturas que se atrevían a tocalo.

- BRAVO!!! Xa a temos!.

- Agora temos que regresar ao bosque das cabazas e pechar para sempre a porta ao inferno – Dixo Lil.

No bosque parecía terse detido o tempo. Birti observou detidamente a tapa do libro: aquela silueta resultáballe familiar...

- A amazonita!!!

Colleu a pedra sagrada e colocouna na tapa do libro. Escoitouse un clic e as follas do libro abríronse emitindo un gran halo de luz morada. Un grito demoníaco atravesou todo o bosque e o demo apareceu diante delas e foi engulido pola forte luz, pechando de súpeto o libro tras el. Aínda co susto no corno, Birti tomou o camiño de volta a casa.

Toa a familia Black estaba sentada á mesa do gran salón saboreando un delicioso almorzo.

- Pero, onde estabas metida? A torta de cabaza xa arrefriou.

- Síntoo mamá, fóiseme o tempo cos libros.

-E ese colgante?

Lúa Nova

Chloé Valentina Bagnato Vidal, 3º A Educación Primaria

## CATEGORÍA DE 3º E 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

**ACCÉSIT**

Lúa, a bruxa do bosque encantado, estirouse na súa casa da árbore, ergueuse nerviosa e correu á cociña. “Hoxe é Halloween, hoxe é Halloween” berrou na cociña. A súa nai mirouna sorrindo. “hoxe é a nosa noite”” dixo mentres remataba de prepararlle o almorzo. “Hoxe podemos pasear pola cidade, ninguén decatarse que non somos coma eles”. A súa nai sorriu e continuou coas súas tarefas diarias.

Lúa pasou o día nerviosa e cando faltaban unhas horas para a noite xa levaba o seu mellor traxe, negro e laranxa como a ela lle gustaba, e un fantástico sombreiro de bruxa de punta negra coma o carbón e uns magníficos restos laranxas que ela mesma cosera. As súas botas de punta perfectamente limpas, as medias con algún buraco e finalmente a vasoira.

Agardou pacientemente á noite, e cando a súa nai abriu a porta, deulle un bico e saíu correndo. Puido observar como moitos dos seus compañeiros tamén saíron do bosque preparados para facer “BUUU”. Lúa quedou á beira do bosque, na escuridade, e cando pasaron os primeiros nenos fixo “BUUU”. Saltaron asustados e riron cando viron á moza bruxa agochada. Lúa tamén sorriu cando un deles díxolle que era o mellor disfrace de Halloween que vira. A noite continuou na mesma liña. Lúa asustaba aos nenos e nenas da vila, regalaba caramelos a algúns e sorría cada vez que lle lembraban o realismo do seu traxe.

A noite pasou moi rápido. Lúa atopouse preto do bosque vendo o sol saír de novo. Volveu ao seu claro do bosque, onde meigas, magos e outras criaturas vivían en harmonía. Botaba de menos

vivir cos humanos, pero sabía que estaba prohibido. O ano que vén outra vez. O ano que ven sería de novo Halloween.

Ezequiel Reyes, 4º B Educación Primaria



## XII Concurso de Contos de Medo “Pasámolo ben”

CATEGORÍA DE 5º E 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

**1º PREMIO**

### A LENDA VERDADEIRA

Nun pobo, pequeno pero bonito, había unha tradición moi orixinal: as lendas. Algunha xente as cría, en cambio, outras non tanto. Aínda que todas foxen unha trola todo o pobo sabía que unha era certa, agás Carlos, un home de 21 anos, alto e delgadiño.

Unha mañá, Carlos espertou cunha dor de moa terríbel! Por moita dor que fora a solución era das máis fáciles así que chamou ao seu dentista. Pero non era tan fácil como el cría. Os seu amigos, Bruno, Pablo e Hugo, puxéronse como tolos cando oíron a palabra “dentista”.

- A lenda conta – dixo Pablo – que o dentista do noso pobo está máis que louco e en realidade é un asasino. Tamén contan que ten un aspecto terrorífico, mellor non o conto diante de todos...

Carlos puxo unha cara de estrañeza e logo riu. Despois de case afogar coa risa dixo:

- O tolo serás ti contando esas parvadas.

Soltou unha risiña polo medio e continuou falando:

- As lendas son lendas, quero dicir, é todo trola, así que vou ir ao dentista e xa está.

Carlos non se deu conta do erro que estaba cometendo, así que cando o seu reloxo marcou as 17:15 marchou no coche a todo correr.

A viaxe non durou moito, a verdade, por que como xa dixen, o pobo era moi pero que moi pequeno. Pero Cando chegou, si que levou o susto da súa vida! Esa parte foi na que se deu conta porque Pablo non quería dicir como era o lugar en alto. E a verdade é que daba medo, pero medo de verdade! Estaba moi asustado, e o peor é que a moa non o deixaba tranquilo!

Carlos, que estaba máis que farto, case se desmaia, porque claro: entre a moa que non deixaba de doer, pensar que estaba só e non podía pedir axuda, ver todas as partes do corpo humano tiradas pola entrada unha a unha e todas ensanguentadas, ter máis que claro que o asasino ía aparecer tarde ou cedo... E o colmo xa era ter o seu animal favorito, o gato, morto e colgado pola cola da parede!

Carlos dixo para si:

- Carlos, tranquilo, ti só escapa correndo e todo solucionado.

Pero nada, a mala sorte o seguía, porque todo o que estaba pasando non era suficiente, así que no primeiro paso, algo o agarrou do pescozo. Carlos, deu a volta e o que viu o acababa de trastornar, o asasino non era como el pensaba, senón que era un ser xa morto, aínda que non traspasaba, iso soubo porque, xa de lóxica, o estaba agarrando do pescozo!

Carlos resistiuse, pero non tivo moito éxito, aínda que a verdade o asasino medio pantasma medio persoa, non parecía esforzarse moito. Directamente, parecía un tipo normal camiñando cun brazo para arriba agarrando un pescozo.

Cando chegaron á habitación onde se supuña que tiñan que arrincarlle a moa, iso si que foi tremendo: pois na parede había colgado un coitelo con cachiños de cerebro, unha motoserra chea de sangue, unha pistola que segundo o cartel que había debaixo “era para os intrusos que non lles corresponde estar alí”. Carlos sabía que ese día non saíra ben parado, e ao mellor nin saía. E así foi, Carlos morreu.

Carlos nonsabía que o asasino falaba, pero levou unha sorpresa desagradábel cando oíu unha terrorífica voz ronca:

- Todos os seres que matei os gardei nesa sala de alí – sinalou unha porta chea de sangue e continuou – pero vou ser un pouco bo contigo, quero dicir, vouche matar, pero non te vou meter nesa sala senón vou facer unha cousa mellor...

Carlos quedou moi sorprendido e se atreveu a preguntar:

- Que vas facer comigo? De todos modos, por favor, non me mate!

O asasino púxose a berrar dunha maneira que daba moito medo, porque puxo unha voz grave e ronca:

- Xa está ben, de verdade! Se eu digo que vou matar a alguén, iso vai a misa! Todos din o mesmo e iso me cabrea! Acaso preguntei se te podo matar? Porque eu creo que non! Así que se pechas a boca acabamos antes! De todos modos estarás morto nunha hora pero logo te converterás nun morto vivinte coma min! Terás o mesmo aspecto ca min e matarás máis xente comigo!

Carlos puxo unha cara de sorprendido, asustado e desesperado, todo ao mesmo tempo e preguntou berrando moito e con voz de aterrado:

- O mesmo aspecto ca ti?

O asasino puxo cara de ofendido e preguntou moi cabreado e berrando moito:

- E que tes algún problema? Non che gusta o meu aspecto? Pois te fastidias!

Xusto cando Carlos abriu a boca para falar, o asasino antes de que puidera pronunciar unha palabra berrou:

- Cala! Vou coller a motoserra e dentro dunha hora espertarás co mesmo aspecto que eu e non se fale máis!

O asasino colleu a motoserra e a acendeu. Como tiña unha cicatriz no pescozo, cargou a motoserra sobre o pescozo de Carlos mentres berraba:

- Noooooooooon! Aaaaaa! Para, por favor, noooooon! – e asúa voz se foi apagando.



Despois dunha hora, Carlos espertou, aínda que máis ben non era Carlos, tiña o mesmo aspecto que o asasino! Tiña cicatriz no pescozo, os ollos colgando, era de cor gris, tiña uns poucos pelos brancos e tiña unha túnica chea de sangue. A verdade é que tiña moita dor, pero o asasino lle dixo que se acostumaría.

O asasino dixo:

- Agora, imos ao pobo a raptar a toda a xente que poidamos e lle faremos o mesmo que che fixen a ti.

Os pensamentos de Carlos cambiaron porque tiña unhas ganas tremendas de matar xente. Así que colleu o coitelo e a pistola, e o asasino a motoserra.

Do pobo tan bonito que era, acabou sendo un lugar tenebroso, seco e con mortos viventes cos ollos colgando, matándose de novo entre eles.

A Autora Sinistra

Paula García López, 5º A Educación Primaria

## **ACCÉSIT**

### *A CASA DA BRUXA*

Esta historia que vos vou contar comeza nun pequeno pobo dos arredores de A Solaina, a noite de Samaín. Somos un grupo de catro rapazas moi amiguiñas; eu chámome Icíá e as miñas amigas son Teresa, Valentina e Alejandra.

Estabamos no instituto planificando o noso traxe de Samaín e non nos poñiamos de acordo. Ao final decidimos disfrazarnos de zombis.

Cando cheguei a casa a miña nai preguntou:

- A ver , Icíá, xa tes o traxe de Samaín?

- Si mamá xa teño o traxe de Samaín. Ao final ímonos disfrazar de zombis.

- Vale, Icíá, imos facer o traxe mañá. Invita ás túas amigas se queren vir a facelo tamén con nós, e miramos de buscar unha roupa vella para podela romper e pintar.

- Ok, mamá. Mañá avísoas no instituto.

Ao día seguinte, no instituto:

- Ola, chicas. Que nervios que hoxe é Samaín! – dixo Teresa

- Ola, xa, que nervios! – contestamos todas.
- Unha cousa, chicas, queredes ir hoxe a miña casa a facer o traxe de Samaín?- dixen eu.
- Vale – contestaron todas.
- Despois falamos no recreo – dixen eu.

Pasaban as horas e elas estaban nerviosas por saber como íamos facer o traxe e, de súpeto, riiiiing riiiiing, tocou a serea e chegou a hora do recreo. Empezaron a chegar as amigas pero Valentina non daba chegado porque o mestre de mates castigáara porque estaba en Babia pensando no traxe que íamos facer hoxe. Como Valentina non daba chegado decidimos facer un acordo sen ela.

- Entón que roupa imos traer? Pensaches algo? Porque eu estiven toda a clase de historia pensando unha roupa vella que teño na miña casa – dixo Alejandra.
- Si, si. Eu tamén estiven a pensar o mesmo, unha roupa vella que pon o meu pai para traballar no campo – dixo Teresa.
- Si, iso mesmo dixo a miña nai, de buscar unha roupa vella para poder rompela e pintala. Entón quedamos hoxe na miña casa despois de comer, logo á saída xa aviso eu a Valentina – dixen eu.

Cando chegaron todas á miña casa, comezamos a facer os traxes coa axuda da miña nai e quedaron xenial. Entón comezamos a vestirnos, pintamos as caras de branco e as cuncas dos ollos de negro e os pelos alborotados. Rimos moito aínda que dabamos un pouquiño de medo. Xa estabamos listas!

- Mamá, gústache como imos?
- Estades que metedes medo. Veña pasádelo ben e acorda que tes que vir ás 22:00.
- Bo, mamá, xa imos.
- Deica logo.
- Adeus, señora Claudia. Dixeron todas.

Empezamos o percorrido polas rúas. Había moita xente con traxes que daban moito medo. Pasámolo xenial chamando ás casas, metendo sustos e tamén dábannos moitas chucharías.

Cando íamos xa cada unha á súa casa, pasamos pola casa da meiga. Quedamos mirando para ela e dixo Alejandra, que é a máis valente de todas:

- Vos atrevedes a petar na casa da bruxa?

Entón dixo Teresa:

- Eu si, pero se imos todas xuntas.



Achegámonos moi asustadas pero non saíu ninguén.

- Ímonos, que aquí non hai ninguén – dixen eu, que xa estaba desexando largarme de alí.

E cando dimos a volta para marchar de súpeto ábrese a porta, a min puxéronseme os pelos de punta. Miramos e era unha velliña cun gato negro nos brazos e dinos:

- Que queredes rapaciñas?

Tiñamos tanto medo que non sabiamos que contestar. Entón a velliña nos volve falar.

- Oh, claro, se é Samaín! Estadades moi ben con ese traxes pero non teño chuches para ofreceres, pero se tedes tempo pódovos contar unha historia interesante.

Mirámonos as unhas ás outras, un pouco temerosas e sentamos nas escaleiras da porta da casa. A velliña empezou a falar e de repente quedamos pasmadas coa historia que nos contou a velliña. Entón démonos conta que non era unha bruxa, senón unha velliña que se sentía moi soa. Cando nos íamos, a velliña nos invitou a volver unha tarde a merendar con ela e, se querían, os nosos pais. Cando cheguei a casa díxenlle á miña nai:

- Nai, paseino xenial. Estibemos na cas da bruxa e non é o que a xente di. É unha velliña encantadora que se sinte moi soa e conta unhas historias que parecen dun conto

E a miña nai dixo:

- Xa ves, Icía, como non se pode facer moito casodo que fala a xente porque non se pode xulgar a ninguén sen coñecela porque as aparencias enganar.

Dende entón, un domingo ao mes, imos cos nosos pais a merendar con ela e nos sorprende cunha nova historia.

Icía

Andrea Cribeiro Veira, 5º C Educación Primaria

# 3 ANOS A

## EXPERIMENTOS CON AUGA

As nenas e nenos de 3 anos A estivemos experimentando cun elemento tan importante coma necesario, a auga. Nun primeiro momento, comezamos a falar da relevancia que ten no noso día a día (para beber, lavarnos, regar as plantas...). Despois empezamos a investigar con ela como compoñente para a nosa aprendizaxe, fixemos traspases para levala dun lugar a outro coa axuda dunha pipeta, ademais de trasladar xoguetes mergullados na auga a un recipiente seco empregando obxectos tan cotiás coma unha cunca ou un colador, tivemos moita paciencia...e conseguímolos!!



O seguinte experimento foi elaborar entre todas e todos un bote da calma para que nos axudara a estar tranquilos durante os momentos de relaxación. Para iso necesitamos moitas cousas, pero principalmente, auga e un bote! Despois engadimos as cousas que nos parecían bonitas e agradables: purpurina de cores, abelorios en forma de lúa e estrelas e, para acadar que todos os elementos se moveran lentamente...un pouco de gomina, mesturamos ben todos os ingredientes...e xa tiñamos o noso bote da calma listo!





Coa chegada da primavera e os días calorosos falamos da importancia que ten aproveitar a auga que é tan necesaria para hidratar as plantas e xurdiunos a dúbida: por onde beben as plantas? E, cómo lles chega auga a todas as partes?, para descubri-lo, decidimos empregar tres bonitas flores brancas moi diferentes entre elas: a rosa, a cala e a astromelia, as puxemos en botes con auga tinguida cada unha dunha cor diferente, para así comprobar como cada unha delas aproveitaba a auga con todos os nutrientes ata que se tinguían os seus pétalos, foi moi curioso e divertido ver como ían mudando de cor, cada unha dunha forma diferente!








# PROXECTO: OS PITIÑOS

3 ANOS B

AO LONGO DO CURSO OS NENOS E NENAS DE 3 ANOS ESTIVERON INVESTIGANDO CURIOSIDADES DESTE PEQUENO ANIMALIÑO.

**1º LENDO MOITOS CONTOS:**



**2º VISITANDO A GRANXA ESCOLA DE BELELLE**





# PROXECTO: OS PITIÑOS

3º CONSTRUIMOS UN NIÑO NA ESCOLA: RECOLLEMOS PAUS, PALLA, HERBAS...



4º PREPARADOS PARA CRIAR



5º CELEBRAMOS AS LETRAS GALEGAS : O GALO CANTA





# TOCA EXPERIMENTAR...

Nas aulas de 4 anos estivemos estos días a experimentar un pouco coas densidades. Pero, que é iso de densidade? Cando un material pesa máis que outro, ocupando o mesmo espazo, dicimos que ten máis densidade. Para poder entender isto un pouco, á nosa maneira, xogamos a mezclar diferentes líquidos e descubrir cales pesaban máis. Para iso levamos a cabo dous experimentos.

## EXPERIMENTO 1: AUGA E ACEITE

Botamos un pouco de auga nun vaso e logo formulamos hipótesis sobre o que creíamos que ía pasar se lle engadíamos aceite. Algún ata pensaba que aquilo podía explotar! Pero o resultado foi este...

A auga quedaba abaixo e o aceite arriba, non se mezclaban.

Probamos a ver se botando primeiro o aceite o resultado era ao revés, pero a auga voltaba de novo para abaixo e o aceite subía.

E o mesmo sucedía ao botar o aceite e a auga ao mesmo tempo, ao remexer cunha culler, ao engadir máis aceite...



### Explicación?

Todo o que nos rodea, incluídos nós mesmos, está formado por unhas cousas moi pequenas que se chaman moléculas. A auga e o aceite tamén as teñen. As sustancias, e concretamente aquí os líquidos, que teñen máis moléculas (maior densidade) son máis pesadas e por tanto irán ao fondo do recipiente, sen mesturarse cos outros. É o caso da auga.

O aceite ten menor densidade porque ten menos moléculas e pesa menos. Polo tanto, no recipiente queda por arriba.



## EXPERIMENTO 2: TORRE DE CORES

Imos comprobar que pasa coa densidade doutros líquidos.

Para este experimento precisamos os seguintes materiais:

- ⇒ Auga
- ⇒ Aceite de xirasol
- ⇒ Mel
- ⇒ Leite condensada
- ⇒ Fairy
- ⇒ Alcohol
- ⇒ Colorante vermello e azul



Primeiramente tinximos a auga co colorante vermello e o alcohol de azul.



Logo toca contestar a pregunta, cal será o que pesa máis?  
Ordenamos os líquidos segundo nos parece, dende o máis pesado ata o de menor peso.

E para ver se estamos no certo nas hipótesis plantexadas, comprobamos botando nun vaso os líquidos, poñendo primeiro os que consideramos máis pesados.



Aínda que as nosas hipótesis non foron del todo correctas, non o fixemos nada mal. Mirade o resultado ....

Unha auténtica torre de cores!!!





Este curso, os nenos e nenas de 5º de educación infantil realizamos o proxecto "A volta ao mundo".

Que divertido foi e canto aprendemos!

Un dos países que máis nos gustou foi China! Creamos un dragón con arroz tinguído. Que pasada!!





O primeiro que fixemos foi tinguir o arroz de tres cores. Para iso metemos o arroz en tres bolsas zip e botamos unhas cantas pingas de colorante: amarelo, azul e vermello.



Despois axitamos ben as bolsas e botamos o arroz en tres bandexas para que secase.



Pintamos os dragóns con cera blanda e por último, botamos pegamento e espolvoreamos o arroz tinguido.





# POR FIN PUIDEMOS SAÍR DE EXCURSIÓN!!!

TIÑAMOS MOITAS GANAS DE QUE CHEGASE ESTE MOMENTO ...E POR FIN, CHEGOU!ESTE CURSO FUMOS DE PASEO A MOITOS SITIOS,SEMPRE SEGUINDO AS MEDIDAS SANITARIAS OPORTUNAS PERO, CON MOITA ILUSIÓN E GANAS DE PASALO BEN. PERDIMOS UN ANO DE SAÍDAS DURANTE A PANDEMIA, PERO CON 4 ANOS, IMOS A RECUPERAR O TEMPO PERDIDO! MERECÉMOLO!!!

Este é o resume das andainas das nenas e nenos de **4 anos** fóra do cole:



FUMOS AO **TEATRO**  
EN NARÓN A VER A  
LYDIA BOTANA.  
ENCANTOUNOS!



TAMÉN O PASAMOS XENIAL  
EN **PEDROSO**.FIXEMOS UN  
SEMILLEIRO,PLANTAMOS  
LEITUGAS...







EN ABRIL VISITAMOS A **GRANXA-ESCOLA BELELLE:**

**FIXEMOS PAN, VIMOS MOITOS TIPOS DE ANIMAIS, PLANTAMOS E MONTAMOS EN PONI! FOI A NOSA PRIMEIRA COMIDA XUNTOS FÓRA DE CASA!**



**FIXEMOS PAN**



**PLANTAMOS LEITUGAS E VIMOS ANIMAIS**



**MONTAMOS EN PONI!**



**PARA REMATAR E, COMO SAÍDA DE FIN DE CURSO, FUMOS Á PRAIA DE ARES. XOGAMOS NO PARQUE, NA AREA E COMIMOS NO PINAR. DE POSTRE...**



**PARA O CURSO QUE VEN, MÁIS!**



Este curso o comezamos cunha noticia moi sorprendente e que nos deixou moi impactados: a erupción do VOLCÁN DA PALMA!

Ante a curiosidade que despertaba nos nenos e nenas de 6º de Educación Infantil, decidimos investigar un pouco e confeccionar os nosos propios volcáns para facelos erupcionar!

Aquí tedes unhas imaxes:






Logo comezamos con novas investigacións na procura de novos coñecementos sobre un tema que nos gustou moito: a **PREHISTORIA!**

Creamos un pequeno ambiente prehistórico co que experimentamos e xogamos todos xuntos, coma sempre como un grande equipo, como unha grande **TRIBU!**





E PARA REMATAR... TERMINAMOS A NOSA ETAPA NA  
EDUCACIÓN INFANTIL E ADEMÁIS, RECUPERANDO OS  
NOSOS SORRISOS SEN MÁSCARA!!! ☺





**LEMBRANZAS DOS NENOS E NENAS DE PRIMEIRO**

Neste curso traballamos como uns verdadeiros campións e ademáis aprendimos moito ao mesmo tempo que nos divertíamos e experimentábase. Algunhas das cousas que fixemos son as seguintes:

**1- OBSERVAMOS E EXPERIMENTAMOS CÓMO SE PRODUCE O CICLO DA AUGA**



**2 - PROFUNDIZAMOS SOBRE AS 4 ESTACIÓNS**





**3- COÑECEMOS O SISTEMA SOLAR**



**4- INVESTIGAMOS SOBRE OS VOLCÁNS, E APRENDEMOS A FACELOS E POÑELOS EN ERUPCIÓN**





**5- CONVERTÍMONOS EN AGRICULTORES E OBSERVAMOS CÓMO NACEN E MEDRAN AS PLANTAS**





*Iste ano o Equipo de Dinamización da Lingua Galega propuxemos para celebrar o Magosto a realización dun conto colaborativo, feiro por todo o alumnado do colexio. Uns inventaron o texto e outros as ilustracións. Eiquí só podemos reproducir o texto pero podeades ver unha fantástica representación do conto con ilustracións e música no blog da biblioteca do cole.*

### CONTO COLABORATIVO - MAGOSTO 2021 2022

Aló cando os animais falaban, había unha castaña que era dourada. A castaña facía espectáculos de maxia. Un día, nun deses espectáculos, tivo un erro e todo o público riuse dela. Dende entón a castaña desapareceu e ninguén a atopaba.

Un día, unha nena que ía camiñando polo bosque atopouna. Colleuna na man e comezou a brillar (escintillar). A nena pechou os ollos e cando os abriu de novo a castaña xa non estaba. Nese momento viu un portal dimensional onde había máis castañas douradas. A nena cruzouno e observou unha que brillaba moito máis. Mirou para atrás e o portal pechárase. De súpeto a castaña máis brillante achegouse á nena e díxolle:

- Chámome Loura. Atópaste no Mundo das Castañas. Antes era maga ata que se riron miña. Pódesme axudar?

- Eu chámome Aurora e gustaríame axudarte para que volvas facer maxia. As demais tamén sodes máxicas?

Loura contestou:

- Non, ningunha é máxica, teñen outras profesións: mestres/as, cociñeiros/as, médicos/as, malabaristas...

Entón Aurora dixo:

- Axudareite a que poidas recuperar de novo a maxia. E despois como poderemos saír de aquí?

A castaña máxica respondeu:

- Para poder recuperar os meus poderes debemos ir á árbore máis antiga do Mundo das Castañas e conseguir a semente máxica dourada. Pero, coidado! Non é nada fácil porque hai moitos obstáculos que superar. O máis difícil de todo é escalar a pedra máis grande e vencer ao temido gardián da árbore, chamado Ourixo.

Xuntas, Aurora e Loura, camiñaron ao longo do bosque enfrontándose á primeira proba...

Atopan a un home ancián e con pinta de ser moi sabio que lles propón pasar uns enigmas. O primeiro que lles propón foi:

- Que ten unha semana, unha hora e un día pero non un mes?

Loura e Aurora non o acerta.

- Oh, non! Que imos facer? - dixo Aurora.

- Non te preocupes, teño unha idea!!! - dixo Loura.

- Cal é? - dixo Aurora.

- Podemos dicirlle ao ancián se nos pode dar outra oportunidade e cambiar a proba- dixo Loura.

O ancián dixo cunha voz moi ronca:

- Está ben, déixovos cambiar de proba pero antes deberades facerme un favor. O outro día caéuseme o meu colgante favorito ao río e non o atopo por ningures. Debedes buscalo na desembocadura do río.

Así fixeron. A desembocadura estaba preto do Bosque dos Castiñeiros onde vivían os Esquíos Cántabros que eran os animais máis ferozes do Mundo das Castañas. Entón Loura e Aurora se disfrazaron de esquíos



para poder atravesar o bosque e chegar á desembocadura e recuperar o colgante. Aurora e Loura mergullaron ata o fondo da desembocadura. Viron algo brillar no fondo e achegáronse. Atoparon o colgante, collérono e subiron á superficie. Puxeron os traxes que levaran posto e foron correndo ata ó vello. Déronlle o colgante. O vello púxose contento e agradeceulles moito o esforzo. Aurora e Loura pasaron á seguinte proba.

Laura e Aurora tiñan que escalar unha rocha, pero antes de chegar un vagabundo díxolles:

- Vouvos ensinar como facer a seguinte proba.

Entón escalaron a rocha e arriba un ancián díxolles:

- Podedes fallar unha vez de cada dous enigmas. O enigma é doado. Cal é a roda que menos xira cando xiras á esquerda e a dereita?

- Non sei Aurora, e ti?

- Creo que si - dixo Aurora.

- Entón, cal? - dixo Loura.

- A roda de repostos.

- Acertastes – dixo o vello.

- O seguinte é o difícil. Canto máis lle quites máis grande é, que é?

- Un caixón cheo – dixo Loura.

- Non – respondeu o vello.

- Xa non podemos fallar, Loura - dixo Aurora.

- Xa sei, a escuridade.

- Correcto, podedes baixar.

Baixaron por un tobogán. Abriuse unha comporta e caeron a unha cova. Un bebé xigante díxolles:

- Se comedes máis castañas ca min en cinco minutos gañaredes a proba.

Pasados os cinco minutos gañáronlle ao bebé entre as dúas. Ao rematar a proba foron a unhas escaleiras, subiron por elas e viron a árbore máxica. Cando se achegaron viron ó Ourixo, cunha vestimenta de coiro con pinchos, vixiando á árbore. Cando chegaron, pedíronlle a Ourixo se lles deixaba coller a semente dourada. Ourixo respondeu:

- Para que vos deixe tedes que gañarme nunha competición de tiro con arco.

Comezaron a competición e ían moi igualados. Era o derradeiro tiro e tiñan que darlle ao branco para gañar! Loura tirou e deulle ao branco. Achegáronse á árbore. Aquela árbore era alta e maxestosa. Ao redor dela había montóns de sementes e tiñan que atopar a semente dourada.

Pasaban horas e horas mentres que buscaban á semente dourada. Despois de revisar tódolos montóns non a deron atopado. Loura e Aurora xa non sabían que facer. De súpeto caeu un ourizo que brillaba. O ourizo abriuse e dentro estaba a semente dourada. Loura colleu a semente e comeuna. De súpeto volveu ter poderes. Fixo maxia para abrir o portal e que Aurora regresase ao seu mundo.

Todos foron felices e comeron castañas.

Fin

Os de 2ª A din NON á contaminación dos bosques:



Se queremos o bosque cuidar

o lixo ao chan non debes tirar.

Muito cuidado coas árbores

non as poder talar.

Non fagas fogueiras

que o bosque se incendia.

As fabricas tamén os contaminan

e así os animais non poden coa vida.

Os papeis non despillares

para que a natureza non se enfade!

Para! Para!

Que se non a contaminación non para





# Os de 2ºB din NON á contaminación do mar

Os de 2ºB imos falar sobre a contaminación do mar



É a Planeta Azul do Espazo  
xa que o mar ocupa moitos espazos



Viven miles de criaturas nel  
temos que coidar moito del.




Máscaras, envases, lata, botellas, tapón  
todo o ecosistema ten moita destrucción,



plásticos, petróleos, redes e lixo tiramos  
e o océano nós contaminamos.



Se todo isto Non fuermos  
o noso planeta salcaremos.





3º EP

Este curso 21/22 estivemos moi limitados pola pandemia, pero sempre que puidemos, e as limitacións foron mínimas intentamos que os nosos alumnos o pasaran o mellor posible. Este é un resumo dalgúns dos mellores momentos deste curso donde os grandes protagonistas foron os nosos nenos e nenas de 3ºEP.



**CASA DAS CIENCIAS**



**SAMAÍN**





**NADAL 2021**



**ENTROIDO**



**OBRADOIRO MEDIOAMBIENTAL**



Os nenos/as de 3º cando rematan as súas tarefas teñen retos por cumprir...Atrévete?

### ATOPA AS PALABRAS




E	N	T	R	E	N	A	D	O	R	O	W	V	J
H	U	A	N	K	R	I	A	G	U	A	N	L	E
U	A	Y	Q	H	P	O	K	E	B	A	L	L	L
M	R	W	N	M	Y	L	X	P	A	H	X	U	U
E	N	J	S	H	C	C	E	Q	N	P	T	J	L
J	P	Q	Q	M	S	T	H	M	I	J	B	K	H
M	K	S	C	L	Y	F	E	M	G	A	I	G	I
S	P	O	K	E	M	O	N	K	E	Y	H	A	C
R	P	I	K	A	C	H	U	I	U	Q	O	P	F
T	R	W	S	P	L	A	N	T	A	S	S	S	D
B	Y	E	L	E	C	T	R	I	C	I	D	A	D
F	U	E	G	O	H	L	D	A	T	V	Z	B	M
R	S	F	N	B	W	E	C	C	S	S	K	M	L
C	F	P	D	A	M	T	N	L	Y	G	H	N	I

Pikachu  
Electricidade  
entrenador  
Pokemon


auga  
planta  
lume  
pokeball



### QUE POKEMÓN É?



### COLOREA A MANDALA



### DESCIFRA A MENSAXE



90 1 2 3 4 5 6 7 8 9 0  
 1 2 3 4 5 6 7 8 9 0 1 2 3 4 5 6 7 8 9 0  
 1 2 3 4 5 6 7 8 9 0 1 2 3 4 5 6 7 8 9 0

---



---



---

ABCDEFGHI JKLM  
 1 2 3 4 5 6 7 8 9 0 1 2 3 4 5 6 7 8 9 0  
 NOPQRSTUVWXYZ  
 1 2 3 4 5 6 7 8 9 0 1 2 3 4 5 6 7 8 9 0





## OS TRABALLOS DE 4ºA

### 1. EXPERIMENTOS: CARREIRA DE GLOBOS

Autoría: Adrián, Álex, Claudia, Gabriel, Gael, Hugo, Iago López, Íker, Lois, Raúl, Lara G. Couce e Málick.

#### MATERIAIS

Cartolina, caixa de mistos, 3 pallas, 2 palillos, tapón de botella, un globo, cinta illante, un boli e unhas tesoiras.

#### PROCESO

1. Corta en dous a palla, cada porción máis curta ca o ancho da caixa de mistos.
2. Pega con cinta as pallas á caixa, mira ben que queden rectas.
3. Mete o pincho polas pallas, para que quede un pequeno anaco de pincho por cada lado.
4. Utiliza o pincho cortado para medir outro anaco idéntico. Despois córtalos. Estes dous cachos de pincho van ser os eixes.
5. Coloca un tapón de botella e recorta catro circunferencias. Iso van ser as rodas do noso enxeño.
6. Usa a punta afiada dun pincho en medio das rodas.
7. Ensarta un dos eixes pola palla frontal e encaixa gramando. Fai igual coas rodas traseiras.
8. Corta a parte do globo por onde sopras. Despois, encaixa o globo coa punta da palla. Axusta coa cinta.
9. Adhire con cinta a palla á parte de riba do vehículo. A zona onde se une o globo debe quedar na metade da estrutura do coche.
10. Sopra pola palla para inflar o globo e tapa a punta co dedo. Coloca o coche sobre unha superficie lisiña, destapa a punta da palla e...

### MIRA COMO CORRE!



## OS TRABALLOS DE 4ºA

### 2. MANUALIDADES: FLOR DE PAPEL

Autoría: Alba, Aloia, Blanca, Diego, Eloi, Iago Álvarez, Irene, Lara G. Cereijo, Lucas, Nerea, Nicole e Noa.

#### MATERIAIS

Limpapipas, papeis de seda de cores, tesoiras, pegamento...

#### PROCESO

Como nos gustan as manualidades! Imos facer unha flor de papel. Aínda que poden estar feitas de papel impreso, nós ímolo facer con papel de seda e un limpapipas, para o que non necesitarás máis que o limpapipas, papel e tesoiras.

Con un pouco de papel de seda, que é fácil de usar, e uns limpapipas, podemos facer varias flores de papel de seda e unir un ramo para poñer nun vaso. Tamén podemos pegalas cunha corda.

Primeiro hai que dobrar ben o papel ata formar un cadrado e despois cortar os extremos para darlle forma redondeada. O seguinte paso é dobralo ata que estea listo para colocar o limpapipas, con el hai que atar a flor e deixar que a suxeita e que sirva de póla.

### E XA ESTÁ LISTO!





# TENIS



Grupo de tenis: Davi, Iker, Yoel, Kira, Anón e Alex

Os  
DEPORTES  
CON 4ºB



O tenis é un deporte moi divertido. A sensación que da cando xogas é moi boa e se xoga nestes países: España, Australia, Eslovaquia, Alemaña, Francia etc.

O mellor xogador do mundo é Rafael Nadal

Como se xoga?

O obxectivo do xogo é golpear unha pelota coa raqueta de tal modo que a mesma rebote na otra cancha pasando por riba dunha rede dentro dos límites de servantes co propósito de que os xogadores contrarios non poidan regresar e que a pelota rebote dúas veces para desta maneira puntuar.

Se xoga nun campo rectangular, os longo mide 23,77 m e os ancho 8,23 m. Se xogan catro xogadores os ancho mide 10,97 m.

As pistas poden ser de cemento, herba e terra batida. Non faltaría mencionar os Clubs de Campo de Fervol. Alí ensinábanos como xogar ao tenis, practica por parellas e individualmente, pero máis moi ben!

Todos os do noso grupo queremos repetir a sensación porque foi moi divertida.

Máis da nosa clase queremos volver para aprender máis!

# GOLF

Grupo: Xiana, Adrian, Ezequiel, Mandi, Sopia e Adriana

Como se xoga ao golf?  
O golf é un deporte de xogar individualmente. Hai uns buratos onde tes que meter a bola a diferentes distancias e ao menor número de golpes posibles.

Como se xoga ao golf?  
É un deporte co que se xoga cun pau, cunha bola de golf ou o teen, que é o instrumento onde se coloca a bola.

Hai unha area de saída desde onde tes que intentar meter a pelota no burato. O campo de golf ten 3 tipos de buratos: A distancia ao 1º burato 90 a 200 metros e se chama "PAR 3". Despois está a 250 a 450 metros que se chama "PAR 4", e o último mide 460 a 550 metros, e se chama "PAR 5".

Os alumnos/as de 4º fomos de excursión ao Club de golf en Campa Mae e ensinábanos moitas cousas. A 17 dos 24 anos/as da clase lles gustou o golf e a os demais un pouco entretido, e ao resto lles gustou porque din que había xogar moi chelos pero ao rato xa se aburrían. Para eles non sería unha actividade que facían habitualmente, aínda que reconecen que foi unha boa experiencia para compartila cos seus compañeiros/as.





# ATLETISMO



Grupo: Alba, Noa, Andrea, Valentina, Cristian, y Teo.

Ainda que non o pareza o atletismo non é só de correr, tamén hai outras modalidades: salto de altura, lanzamento de peso, salto de lonxitude, lanzamento de disco, carreira de obstáculos, lanzamento de xavelina e relevos.

-Carreiras de obstáculos:  
Para facer as carreiras de obstáculos empréganse valos.  
Trátase de correr sacando cheques a un vala saltalo e así sucesivamente. A min gustoume pero a verdade é que tamén me cansou moito.  
Andrea Roca García

-Lanzamento de xavelina:  
O lanzamento de xavelina é unha parte do atletismo que consiste en correr con pau longo parecida a unha flecha. Tes que correr e a por a altura da nua, e o que o lance máis lonxe gaña.  
A min persoalmente gustoume moito, pero estuivemos tanto tempo, que me dolia un pouco o brazo.

Valentina

-Lanzamento de disco:  
O lanzamento de disco é unha parte do atletismo que consiste en lanzar un disco e o que coniga que o seu disco chegue máis lonxe gaña.  
Eu penseino xeral xa que fun coas minas amigas.  
Alba López Fernández

-Lanzamento de peso:  
O lanzamento de peso consiste en coller o peso (que é como unha pelota que pesa) e colocalo no pesazo e lanzalo.  
Gusta o que máis lonxe chegue. Ademais o peso lázase desde un círculo.  
A min pareceume moi divertido, xa que o peso ben coas minas amigas e amigos.  
Noa Roca

-Salto de lonxitude:  
O salto de lonxitude consiste en coller carrerilla e despois correr varios metros. Teñen que saltar antes de pisar unha liña branca a un foso de auga, e tes que intentar chegar o máis lonxe que poidas, o que chegue máis lonxe gaña. A min encantoume.  
TE 😊

-Salto de altura:  
O salto de altura consiste en que hai varios «xogadores» que teñen que saltar un listón. Colles impulso e das unha voltereta a diferentes alturas, saendo nunha colchoneta.

Cristian

# FÚTBOL SALA



Grupo de Lucas, Yago, Víctor, Diego B. Birela e Diego C.

O Fútbol Sala é un deporte rápido que implica moxerme e moverse rápido.

As portarias son pequenas (3m de longo por 2m de altura) pero rápidas.

A equipa compoñese ata 10 xogadores en total, pero na porta 5 xogadores en cada equipo que se usan rotando.

O balón mide 62-64 cm de circunferencia para infantil e de 59-60 cm para adulto. Non botas e cando fú 5 faltas e dábase penalti.

En cada partida hai 2 árbitros e para os novos pequenos non árbitros.

Se saes en espasos curtos (En pasei longa). Da árbitros antes de començar a partida recesuran en redes por se están rotos as calzas.

No Fútbol Sala se saes en equipos femininos e masculinos, sendo que estas non se poden enfrontar entre elas.

Nós fomos a ver un partido do campionato galego de Fútbol Sala feminino, Galicia vs Madrid. O pasamos ben, pero a decepción foi que perdín 2-4 Galicia. En calquera caso foi moi emocionante ver as saes e non gustoume repetir en experiencia.



País polo deporte



Neste curso o alumnado de 5º EP experimentamos coas **LETRAS** e coas **CIENCIAS**.

Que vos parece o noso tendal coas prendas cheas de poesía, refráns, contos...?





Lemos o libro "Formigas" de Pere Tobaruela e recibimos ilusionados a súa visita. Escoitamos as súas historias e fixemos un montón de preguntas.



Fixemos traballos e lapbooks impresionantes sobre os sectores económicos:





Aquí podedes ver como medimos, pesamos e calculamos as densidades de diferentes obxectos....



Tabla de datos para calcular densidades en diferentes obxectos:

Obxecto	Masa (g)	Volumen (cm <sup>3</sup> )	
Aluminio	100 g	36 cm <sup>3</sup>	
Aluminio	200 g	72 cm <sup>3</sup>	
Aluminio	300 g	108 cm <sup>3</sup>	
Aluminio	400 g	144 cm <sup>3</sup>	
Aluminio	500 g	180 cm <sup>3</sup>	

Participamos en varias actividades promovidas polo Concello de Narón, e nunha delas, coñecemos a Ricardo, un rapaz con autismo. Aprendemos moitas cousas!





E como todo non ía ser traballar... Tamén o pasamos XENIAL nas pistas de atletismo de Río Seco e na excursión que fixemos todos xuntos a Pedroso.









**EXCURSIÓN DE FIN DE CURSO DOS NENOS E NENAS DE 6º EP**



Despois de dous anos de pandemia, os nenos de 6º de primaria volvemos facer excursión de fin de curso!!

O 24 de maio cruzamos a fronteira con Portugal para chegaraonoso destino: PENA AVENTURA.

Pasámoloxenialfacendo un montón de actividades: A tirolina máis grande de Europa, paintball, paddle surf... Ata montamos a cabalo!

Ademais, tamén tivemos a oportunidade de visitar a cidade de Braga, que estaba celebrando a súa feira medieval.

Se escaneas este código QR, poderás ver un vídeo coas nosas aventuras alí.







CEIP A SOLAINA



NEREA



INÉS



CHARO



MARCOS



MERCHI



DANI



MAGDALENA



IMAIR



ARON



CARLA



LEICA



XELA



XABIER



NOELLA



BRAIS



BLANCA



THIAGO



ALEJANDRO



ALEX



SARA



UNIA



LIAM



VÍCTOR



NABRA



VERA



GAEL



GAMA



ARAMI



ALICIA



ALEX



MANUEL



VEGA



60 INFANTIL B

2019-2022





